

## O BNG leva ao Parlamento os problemas ocasionados polas obras da avenida García Naveira

Os deputados Carlos Aymerich e Pablo González Mariñas rexistraron unha pregunta dirixida á Consellaría de Obras e Ordenación do Territorio para coñecer os motivos da paralización parcial da obra e dos prazos que se barallan para concluíla. O grupo municipal betanceiro levará unha iniciativa sobre o tema ao vindeiro pleno.



O BNG recolleu nos pasados días numerosas queixas de veciños, empresarios e usuarios da Avenida Jesús García Naveira relacionadas coa paralización da obra que o goberno galego está a executar para mellorar a pavimentación e os servizos desta arteria betanceira. Resulta lamentábel que se valase a avenida e se limitase o tránsito rodado a un só carril para non facer nada nas tres semanas seguintes, máis alá de levantar unha capa do pavimento e retirar as farolas de toda unha banda da rúa. A repercusión nos negocios chega ao extremo de que algún deles

baralla unha regulación de emprego ante unha baixada moi grande das vendas.

Resulta penoso que unhas obras tan necesarias como estas, debido á descoordinación e á falta de capacidade de xestión do grupo de goberno do PP, se convirtn nunha molestia e un prexuízo para a veciñanza e as empresas da zona. O concello debería achegar cando menos a información de que dispón ás persoas afectadas e dirixirse á Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte para coordinarse e informar á cidadanía.

Coas queixas e a información recollida, os deputados nacionalistas Carlos Aymerich e Pablo González Mariñas rexistraron unha pregunta dirixida á Consellaría para coñecer os motivos da paralización parcial da obra e dos prazos que se barallan para concluíla.

Pola súa banda, o Grupo Municipal do BNG levará ao vindeiro Pleno unha iniciativa sobre este tema para instar ao goberno municipal a actuar diligentemente no asunto, dadas as continuas manifestacións da alcaldía sobre a obra e o malestar causado, coa paralización dos traballos, a veciñanza, os empresarios e os usuarios da vía.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carlos Aymerich Cano e Pablo González Mariñas**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ao estado e data prevista de remate das obras que a Consellaría de Política Territorial está a realizar na rúa Jesús García Naveira de Betanzos.

Na avenida betanceira Jesús García Naveira, no barrio das Cascas, a Consellaría de Política Territorial está a executar unhas obras de urbanización que, dado o seu lento ritmo de execución (de feito levan case tres semanas paradas), están a provocar graves prexuízos aos veciños e aos negocios situados nesa vía.

Á vista desta situación fórmulase a seguinte cuestión:

Que datas manexa a Consellaría de Política Territorial para o remate das obras de urbanización na Avenida Jesús García Naveira de Betanzos? Porque razón levan estas obras paradas máis de tres semanas?

Santiago de Compostela, a 12 de Marzo de 2008

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Pablo González Mariñas

Deputado do G.P. do BNG.

## Contacto

**Asemblea Local do Bloque Nacionalista Galego de Betanzos**  
**Travesía da Torre nº2, 1º andar. 15300 Betanzos, Galiza**  
**Teléfono 981776466 Fax 981776467**  
**contacto@bngbetanzos.org**  
**www.bng-galiza.org/betanzos**

